

NUBES PASAXEIRAS

00

[Aki Kaurismäki, 1996]

ESTREA EN NUMAX*: 13.03.2015

ESTREA INTERNACIONAL DA VERSIÓN DIXITAL 2K RESTAURADA
VERSIÓN ORIXINAL CON SUBTÍTULOS EN GALEGO

FICHA TÉCNICA

Nubes pasaxeiras (Kauas Pilvet Karkeaavat, 1996, 95')

Dirección, guión e montaxe: Aki Kaurismäki

Imaxe: Timo Salminen

Son: Jouko Lumme

Dirección de arte: Markku Pätilä, Jukka Salmi

Vestiario: Tuula Hilkamo

Música: Shelley Fisher, Antero Jakoila, Piotr Tchaikovski, Rauno Lehtinen, Taisto Wesslin, Rauli Somerjoki, Heikki Valpola, Olavi Virta, G.F. Händel, Marko Haavisto, Matti Jurva, Arvo Koskimaa, Jani Uhlenius

Intérpretes: Kati Outinen, Kari Väänänen, Elina Salo, Sakari Kuosmanen, Markku Peltola, Matti Onnismaa, Matti Pellonpää, Pietari, Solmu Mäkelä, Outi Mäenpää, Esko Nikkari, Sulevi Peltola, Markus Allan e a súa orquestra, Shelley Fisher

Produción: Sputnik Oy (Finlandia)

Estrea en España: 21.11.1997

Formato de proxección: DCP 2K, 1:85

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Le Havre, 2011

Luces no solpor, 2006

Un home sen pasado, 2002

Juha, 1999

Total Balalaika Show, 1994

Os Leningrad Cowboys coñecen

Moisés, 1994

Ten conta do pano, Tatiana, 1994

A vida de bohemia, 1992

Contratei un asasino a soldo, 1990

A rapaza da fábrica de mistos, 1990

Os Leningrad Cowboys percorren

América, 1989

Ariel, 1988

Os negocios de Hamlet, 1987

Sombras no paraíso, 1986

Calamari Union, 1985

Crime e castigo, 1983

SINOPSE

Ilona e Lauri, unha parella como outras tantas, van construíndo a súa vida como mellor poden. Ela é maître no restaurante Dubrovnik e el condutor de tranvías. As letras van vencendo e vense os dous sen emprego con pouco tempo de diferenza. Enfrontarán a indolencia da sociedade ao seu esforzo por refacer as súas vidas.

*Queremos agradecerlle a Jostxo Moreno (Golem Films) e, dunha maneira moi especial a Haije Tulokas (Sputnik Oy) e a Aki Kaurismäki, que fixeran todo canto estivo nas súas mans para que Nubes pasaxeiras inaugurara o Cinema NUMAX en marzo de 2015.

«Antes de comezar a rodaxe, o director de fotografía pídeme que escollo unha cor para o filme e eu, normalmente, dígolle que azul»



NUBES PASAXEIRAS

[Aki Kaurismäki, 1996]

Peter Von Bagh entrevista Aki Kaurismäki (2006)

O personaxe protagonista estaba pensado para Matti Pellonpää. Como influíu no filme a súa morte, poucas semanas antes do inicio da rodaxe?

Quixen abandonar inmediatamente. Logo pensei: sabendo como traballaba, Peltsi [Matti Pellonpää] deixaríame de falar se soubera que deixei o proxecto pola morte de alguén. O problema era o protagonista: chegados a esa altura, non había ninguén que o puidera substituír, estaba todo á súa medida. Poderían amigos seus, pero parecíame moito pedir-lles que calzaran as súas botas. Só quedaba unha: inverter os papeis e facer da personaxe feminina a protagonista principal e, se se me permite a expresión, facer do home o sexo débil. E reescribín daquela o texto nestoutro sentido, porque Kati [Outinen] pode calzar as botas de calquera, así cativa como é. [...]

Sorprendeume constatar que non precisaba mudar practicamente nada nos diálogos. Tiñan algo que os facía abondo universais para se poderen instalar tanto na boca dun home como na dunha muller, e mesmo por veces adquirirían unha dimensión nova.

Cando tiveches a idea para o tema do filme? Quería un oficio relativamente neutro, non un operario de fábrica. Dinlle voltas durante meses e de súpeto, en Kyoto, estaba só no bar do hotel e reparé no maître. «Mira para el: de pe, vestido de negro, totalmente inexpresivo diante da parede». E pensei: «velaí o meu desempregado». Ao pouco aparece Peltsi polo bar e pedínlle que mirara para o maître do hotel. «Vale, pero por que?», preguntoume. «Porque é o teu próximo papel». Peltsi quedou en silencio e púxose a observar o home polo miúdo. Un maître de hotel é un personaxe moi curioso, quero dicir un maître de hotel dos de verdade, da tradición clásica. Semella reparar en todo e reaxir a todo canto acontece no restaurante, sen se achegar nunca en van e sen mesmo ter pinta de observar os clientes... Matti estaba particularmente entusiasmado por este papel e por este filme. Foi unha mágoa non facelo. Adoraría ver a súa interpretación ao Buster Keaton neste asunto.

A vida en parella de dúas persoas xa maduras non adoita considerarse de interese se non se lle engade algún drama exterior: disputas, adulterio ou sicodrama. Aquí, a historia é límpida e emocionante de fío a fondo. Inspíreme dun exemplo que me é familiar: o meu propio matrimonio. O equipo do filme estaba habitado por unha enerxía incríbel, un fervor desusado, non vin nunca nada semellante, nin antes nin despois. Como o filme era para Peltsi, fixérono con amor. Durante as tomas había tal silencio que tiña ás veces a impresión de filmar nun burato negro que aspiraba todos os ruidos.

Hai moitas escenas de restaurante na túa obra. Sei que é unha pregunta estúpida, mais que converte estes sitios en lugares tan esenciais? Sen dúbida es un caso raro para seres finlandés, na medida en que botaches máis tempo na escuridade do cinema ca nos bares. Pero viñeches petar na porta axeitada: os bares son a sala de estar dos cidadáns, a decoración reflicte as tendencias da época, e as conversas da clientela a personalidade e máis os valores dominantes da sociedade. Como lugar de rodaxe tamén son moi prácticos, porque evitan ter que deixar o estudio para darlle de comer ao equipo. Non precisas que che diga que este tamén aprecia filmar nun restaurante, mesmo se os primeiros anos tiña que prohibir beber durante as tomas. Só se é novo unha vez. A barra é un elemento poético, o teatro dos encontros fortuítos, ou érao polo menos antes de se baleirar coas prohibicións de fumar.

Aki Kaurismäki, Peter Von Bagh.
Cahiers du cinéma / Festival International du Film de Locarno, 2006.
Tradución: Ramiro Ledo Cordeiro

MATERIAIS

NA NOSA LIBRARÍA

Aki Kaurismäki. Peter Von Bagh. Cahiers du cinéma / Festival International du Film de Locarno, 2006
Aki Kaurismäki. Pilar Carrera. Cátedra, 2012
The cinema of Aki Kaurismäki. Contrarian Stories, Andrew Nestingen. Columbia university Press, 2013
Escritos. Edward Hopper. Elba editorial, 2012
Pack Aki Kaurismäki vol 4. Nubes Pasaxeras / Luces al atardecer (DVD) Le Havre. Aki Kaurismäki (DVD)
Luces al atardecer. Aki Kaurismäki (DVD)
Un hombre sin pasado. Aki Kaurismäki (Blu-Ray)
Shirley. Gustav Deutsch (DVD)

OS LIBROS DE AKI KAURISMÄKI

[velaquí a selección de libros que Aki Kaurismäki nos propuxo para a Librería NUMAX]

El Llano en llamas / Pedro Páramo. Juan Rulfo
The Power and the Glory / El cónsul honorario. Graham Greene
Sin novedad en el frente / El Arco de Triunfo. Erich Maria Remarque
Sostiene Pereira. Antonio Tabucchi
La primera agencia de mujeres detectives. Nº1. Alexander McCall Smith
Compilación de contos. Nikolai Gogol
Asesinato en el Comité Central / La rosa de Alejandria. Manuel Vázquez Montalbán
El largo adiós / El sueño eterno / Adiós muñeca. Raymond Chandler
Escenas de la vida Bohemia. Henri Murger
A viagem de Elefante. José Saramago
Libertad. Jonathan Franzen
«e calquera de Kafka ou Camus»

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org